



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 2-16 de 11/02/2016

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 02/2016 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Auditorio Lois Tobío

Data: 11.02.2016

Hora de convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.05 h

Hora de remate: 20.23 h

### ASISTENTES

- D. Juan Francisco Ferreira González
- Dna. Nuria Lameiro Valverde
- D. Juan Antonio Gónzález Rodríguez
- Dna. Iria Lamas Salgueiro
  
- D. Fernando Guitián Guitián
- Dna. Natalia Sofía Salgueiro Hermida
- Dna. Patricia Durán Pérez
- D. Jesús Salgueiro Pérez
  
- D. Xosé Antonio Araujo Quintas
- Dna. Rocío Cambra Castro
  
- D. Manuel Gómez González
- Dna. Beatriz Fernández Alonso
- D. Javier Gregores Méndez
  
- D. Pauliño Damián Del Río Iglesias
- D. Josué Villar Ballesteros
- Dna. María Jimena Varela Rodríguez

### AUSENTES

- D. Alberto Covelo Casal

No Auditorio Lois Tobío, habilitado como salón de sesións da Corporación, nesta Vila de Gondomar, ás 20.05 horas do 11 de febreiro de 2016, reuníronse os membros da Corporación, anteriormente relacionados asistidos polo secretario municipal, por mor de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, regulamentariamente convocada para este día, coa seguinte orde do día:

#### 1. Aprobación das actas anteriores:

- a. Aprobación da acta núm. 15/15 de data 23.11.2015.
- b. Aprobación da acta núm. 01/16 de data 18.01.2015.

#### 2.- Proposta da Alcaldía relativa a elección de xuíz de paz titular.

3.- Proposición presentada polo voceiro do Partido Popular en data 19.01.2016 relativa á "Reforma consensuada da Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo".



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

- 4.- Toma de razón da renuncia formulada polo concelleiro Alberto Covelo Casal.
- 5.- Toma de razón da renuncia formulada por M<sup>a</sup> del Carmen Salgueiro Veiga a aceptar o cargo de concelleira.
- 6.-Fiscalización e control dos órganos de Goberno
  - a. Dar conta dos seguintes Decretos de Alcaldía:
    - Decretos de Alcaldía de data 21.01.2016 e de 05.02.2016 de modificación do Decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.
    - Decreto de Alcaldía de data 05.02.2016 relativo a cese de 2º tenente de alcalde.
    - Decreto de Alcaldía de data 05.02.2016 relativo Modificación Decreto delegacións xenéricas de áreas de goberno local e especiais de servizos.
  - b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XIII 2015.
  - c. Dar conta do informe de Intervención Xeral de data 21.01.2016 relativo ao Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Gondomar.
  - d. Dar conta do informe de Intervención Xeral de data 21.01.2016 relativo ao Cumprimento das obrigas trimestrais de subministro de información da Lei 2/2012, Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, desenrolada pola Orde HAP/215/2012 (cuarto trimestre).
  - e. Dar conta da Información a remitir ao Pleno da Corporación por parte do Departamento de Intervención.

Sr. Alcalde: Sr. Alcalde: Moi boas tardes a todos e a todas. Grazas unha vez máis por estar hoxe aquí. Damos comezo ao Pleno da Corporación Municipal, sesión extraordinaria número 2 de 2016 coa seguinte orde do día:

#### **1. Aprobación das actas anteriores:**

##### **a. Aprobación da acta núm. 15/15 de data 23.11.2015.**

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr.Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a acta da sesión n.º 15/15 de data 23.11.2015.**

##### **b. Aprobación da acta núm. 01/16 de data 18.01.2015.**

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

O alcalde pregunta se algún membro da Corporación quere formular algunha observación a esta acta.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. Alcalde somete esta acta a votación ordinaria co seguinte resultado.

### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por maioría dos presentes, coa abstención do concelleiro Pauliño del Río Iglesias por non estar presente na sesión de que se trata, acorda aprobar a acta da sesión n.º 1/16 de data 18.01.2016.**

#### **2.- Proposta da Alcaldía relativa a elección de xuíz de paz titular.**

Pola concelleira Iria Lamas Salgueiro dáse lectura da proposición de Alcaldía de data 05.02.2016, que literalmente di:

*“Considerando a comunicación efectuada pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia mediante escrito de data 25/09/2015 (RE n.º 5789 de 29/09/15) instando a incoación do procedemento para a elección do Xuíz de Paz titular deste concello no prazo de tres meses, ao abeiro do establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/85 de 1 de xullo do poder xudicial (LOPX).-*

*Instruído o procedemento administrativo nos termos sinalados na LOPX e no Regulamento 3/95, de 07 de xuño, presentáronse, nos termos relacionados na dilixencia asinada polo funcionario encargado do Rexistro xeral con data de 15/01/2016, as seguintes solicitudes que dispón de tódolos documentos esixibles na convocatoria para participar nela:*

<i>D. Manuel Rodríguez González</i>	<i>(RE n.º 7675/15)</i>
<i>Dña. M<sup>a</sup> Cruz Lamas Ambroa</i>	<i>(RE n.º 7739/15)</i>
<i>D. Daniel Sanroman Soto</i>	<i>(RE n.º 7775/15)</i>

*Considerando a experiencia amosada por D. Manuel Rodríguez González no desenvolvemento das súas funcións, así como o coñecemento e as boas relacións coa veciñanza que permiten garantir o cumprimento dos principios de mérito e capacidade de dito candidato para ocupar a praza de Xuíz Titular do Xulgado de Paz e que nel concorren as condicións de capacidade e compatibilidade contidas no título II do Regulamento 3/95, de 07 de xuño, e nos arts. 102 e 301 e seguintes da LOPX,*

*Considerando que o acto de elección polo concello do Xuíz de Paz ten natureza discrecional, é dicir, é o resultado dunha liberdade de elección entre alternativas igualmente xustas ou entre indiferentes xurídicos, porque a decisión fundamentase en criterios extraxurídicos non incluídos na lei e remitidos ao xuízo subxectivo da Administración nos termos sinalados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial (Acordos de 15/01/97-recurso n.º 109/96, 22/09/99-recurso n.º 26/99, 05/04/00-recurso n.º 201199, 14/07/01-recurso n.º 141/01, 19/11/02-recurso n.º 221/02)*

*En aplicación da atribución, conferida polo art. 6 do Regulamento 3/95, de 07 de xuño, ao Pleno da corporación municipal pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:*

*- Propor á D. Manuel Rodríguez González, con D.N.I. n.º 35992549X como Xuíz Titular do Xulgado de Paz do Concello de Gondomar e dar traslado do acordo que, no seu caso se adopte, á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”*



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: Moitas grazas señora Lamas. Intervencións a este punto? Señor Guitián ten vostede a palabra.

Sr. Guitián: Ola, moi boas tardes. Nada, simplemente dicir que nós aceptamos a proposta pero imos absternos.

Sr. Alcalde: Grazas, señor Guitián. Señor Gómez?

Sr. Gómez: Boas noites a todas e a todos. Nós, o noso grupo Iniciativa por Gondomar, xa no anterior pleno, xa manifestamos e ben, e tanto fixemos efectivo o noso voto, non? Que foi a prol, que foi a prol neste caso e aquí que vaia por diante que vai ser a prol e, perdón, non imos entrar en máis detalle, nin en máis explicacións, xa no anterior Pleno se explicou e o único que se temos que dicir algo é..., vimos algo preocupante, mira, un tema preocupante; que fagamos un pleno hai vinte días ou quince días con este punto. Agora fagamos outro pleno cun só punto, non? Eu penso, alcalde, que lle toca poñerse as pilas, señor alcalde, señores do Goberno, póñanse as pilas porque, como dicía, isto é preocupante para Gondomar que levemos dúas sesións plenarias cun punto solo na orde do día que é o mesmo, o anterior non se aprobou e agora creo que si, que vai saír adiante, pero ben, iso non é un problema noso, da oposición, nin do Grupo de Iniciativa por Gondomar. O Grupo de Iniciativa por Gondomar xa no anterior Pleno tiña moi claro que ía votar a prol, pero ben, non hai motivos para cambiar o xuíz de paz. Creo que o fixo dunha forma impoluta, non? Pero ben, que se poñan a traballar porque vostede saíu o outro día, creo, nas redes sociais e dicía: Isto, esta é outra forma de gobernar. Se esta é outra forma de gobernar, moi mal, moi mal, eh? Señor alcalde. Eu case me atrevería a dicir que isto case o chamo incompetencia, case, eh? Non, de momento non, pero ben, iso. Un toque de atención e que se poñan as pilas, que se poñan a traballar. Gondomar necesita de contido. Este Concello necesita sesións plenarias con puntos na orde do día. Nada máis. E como dixen antes, o Grupo Iniciativa por Gondomar vai votar a prol. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas, señor Gómez, grazas polas súas indicacións. Tomamos nota. Algunha intervención máis? Señor Pauliño del Río ten vostede a palabra.

Sr. Del Río: O Grupo Gondomar Concello Aberto vaise manter na postura do Pleno anterior que é a abstención. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, señor Pauliño. Algunha intervención máis? Ningunha. Sometemos á votación este punto da orde do día para a elección do xuíz de paz titular.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. alcalde somete esta proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

#### **VOTACIÓN E ACORDO**

**O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: 9 votos a favor: 4 do Grupo Municipal do PSOE e 3 do Grupo Municipal I.X.G. e 2 do Grupo Municipal de Manifesto Miñor; 7 abstencións: 4 do Grupo Municipal do PP e 3 do Grupo Municipal Gondomar Concello Aberto; e ningún voto en contra, acada a maioría absoluta prevista no artigo 101.2 da Lei orgánica do Poder Xudicial para aprobar esta proposta de Alcaldía relativa á elección de xuíz de paz titular.**

**3.- Proposición presentada polo voceiro do Partido Popular en data 19.01.2016 relativa á “Reforma consensuada da Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo”.**



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

Sr. Alcalde: (...)Ben, había unha proposta de, había unha proposta, ben, dentro do apartado 3 da orde do día de propostas, había para incluír na orde do día e debate se procede dunha moción presentada polo Partido Popular sobre o transporte metropolitano para elo doulle á palabra ao voceiro do Partido Popular, o señor Guitián, para se queren incluíla na orde do día para o seu debate ou por outra parte, procede ou estima a súa retirada. Ten a palabra o señor Guitián.

Sr. Guitián: Grazas. Imos retirala moción, a proposta, perdón, que vai sobre a área metropolitana de Vigo unha vez que esta proposta era para facer o sentir do Pleno cara á Área Metropolitana e cara a que non había nun principio acordo entre os alcaldes e a Xunta de Galicia. Isto, como despois houbo unha reunión a partir do 19 e parece que segue habendo reunións na procura dun consenso na que participa o Concello de Gondomar, a través de vostede, pois non vemos adecuado, parécenos que non é necesaria esta moción e, polo tanto, a retiramos. Grazas.

Sr. Alcalde: Grazas, señor Guitián, como dicía, si que é certo que esta moción no seu momento tiña a razón de ser porque as negociacións estaban noutro momento, pero si que por parte dos responsables e representantes da Área Metropolitana, a futura Área Metropolitana de Vigo e a Xunta de Galiza, si que houbo máis dunha e de dúas xuntanzas onde si hai puntos de encontro e hoxe mesmo aínda eu veño dunha que se celebrou ás 16 horas onde os alcaldes de toda a Área Metropolitana de distinta cor política están traballando na redacción concretamente do artigo 21 da Lei para deixar os parámetros asentados sobre o transporte urbano de Vigo e o transporte metropolitano indo da man ademais en consenso da Xunta de Galicia, polo tanto, eu creo que si que é gratificante e podemos dicir que van por boas sendas as negociacións indistintamente das cores políticas e das institucións, e que a realidade é que teremos, se todo vai ben, a Área Metropolitana en breves ou polo menos a aprobación da lei e grazas e desculpen porque esta moción é certo que no seu momento na que a presentou, si que tiña a súa finalidade, pero por aquel Pleno que era extraordinario e non se podían traer mocións, ben, pasou o que pasou, é un erro deste Goberno e meu particularmente que hoxe veña isto aquí con esta demora e xa non teña razón de ser, as miñas desculpas e nada, queda retirada entón esta moción.

#### **4.- Toma de razón da renuncia formulada polo concelleiro Alberto Covelo Casal.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación municipal dáse conta aos seus membros do escrito de renuncia ao cargo de concelleiro da Corporación municipal formulado por D. Alberto Covelo Casal mediante escrito con rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello núm. 500 de data 04.02.2016.

#### **5.- Toma de razón da renuncia formulada por M<sup>a</sup> del Carmen Salgueiro Veiga a aceptar o cargo de concelleira.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente da Corporación municipal dáse conta aos seus membros do escrito de renuncia a aceptar o cargo de concelleira da Corporación municipal formulado por Dna. María del Carmen Salgueiro Veiga mediante escrito con rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello núm. 497 de data 03.02.2016.

Á vista do informado e de acordo co artigo 9 do Real decreto 2568/86 polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRJEL) e coa Instrucción de 10/07/2003 da Xunta Electoral Central sobre a substitución de cargos representativos locais, o Pleno da Corporación municipal toma razón das renuncias de referencia a efectos de proceder á substitución do concelleiro conforme ao disposto no artigo 182 da Lei orgánica 5/85 de réxime electoral xeral mediante remisión das credenciais do



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

candidato seguinte da lista de Manifesto Miñor que concorreu ás eleccións municipais de maio do 2015, D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez, para que poida tomar posesión do cargo.

## **6.-Fiscalización e control dos órganos de Goberno**

### **a. Dar conta dos seguintes Decretos de Alcaldía:**

- **Decretos de Alcaldía de data 21.01.2016 e de 05.02.2016 de modificación do Decreto de nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local.**

Pola Presidencia dáse conta do Decreto de data 21.01.2016 que literalmente di:

*"Visto o Decreto de Alcaldía de data 15 de xullo de 2015, relativo a nomeamento e atribución de competencias á Xunta de Goberno Local, que literalmente di:*

*No uso das competencias que me confire o artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL), capítulo III do Regulamento orgánico municipal (B.O.P. n.º 8 de 13/01/2000), 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e concordantes da Lei 5/97 de administración local de Galicia, pola presente RESOLVO:*

*Primeiro.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello aos concelleiros e concelleiras que de seguido se relacionan:*

- *Nuria Lameiro Valverde*
- *Xosé Antonio Araujo Quintas*
- *Alberto Covelo Casal*
- *Pauliño del Río Iglesias*
- *María Jimena Varela Rodríguez*

*(...)*

*pola presente RESOLVO:*

*Modificar o devandito Decreto do seguinte xeito:*

*Primeiro.- Cesar como membro da Xunta de Goberno Local do Concello á concelleira:*

- *Nuria Lameiro Valverde*

*Segundo.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local do Concello ao concelleiro:*

- *Juan Antonio González Rodríguez*

*Terceiro.- Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ao día seguinte do presente Decreto, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 23 da LBRL.*

*En Gondomar, a 21 de xaneiro de 2016"*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

Pola Presidencia dáse conta do Decreto de data 05.02.2016 que literalmente di:

*“Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 polo que se nomean aos membros da Xunta de Goberno Loal e se delegan atribucións en base ao previsto no artigo 21.1 neste órgano.*

*Visto o Decreto de Alcaldía de data 21.01.2016 que modifica o anterior.*

*Vista as renuncias presentadas polo concelleiro Pauliño del Río Iglesias e pola concelleira M<sup>a</sup> Jimena Varela Rodríguez en data 02.02.2016, núm. Rexistro de Entrada 465 e 464 respectivamente.*

*No uso das competencias que me confire o artigo 23 da Lei reguladora das bases do réxime local (LBRL), capítulo III do Regulamento orgánico municipal (B.O.P. n.º 8 de 13/01/2000), 52 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais aprobado polo RD 2568/1986 de 28 de novembro (ROF) e concordantes da Lei 5/97 de administración local de Galicia, pola presente RESOLVO:*

*Primeiro.- Cesar como membros da Xunta de Goberno Local do Concello ao concelleiro Pauliño del Río Iglesias e á concelleira M<sup>a</sup> Jimena Varela Rodríguez.*

*Segundo.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local do Concello á concelleira Nuria Lameiro Salgueiro.*

*Terceiro .- Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no número 1 do artigo 23 da LBRL.*

*En Gondomar, a 5 de febreiro de 2015.”*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

- **Decreto de Alcaldía de data 05.02.2016 relativo a cese de 2º tenente de alcalde.**

Pola Presidencia dáse conta do devandito decreto que literalmente di:

*“Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 polo que se nomeaban as Tenencias de Alcaldía.*

*Visto o escrito de renuncia presentado polo concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias en data 02.02.2016, núm. De Rexistro de Entrada 465.*

*No uso das competencias que me confiere o artigo 23 da Lei 7/85, de 02/04, de bases de réxime local (LBRL) e 46 e seguintes do Real decreto 2568/86, de 28/11, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das Entidades locais e no exercizo das atribucións recoñecidas polos artigos 21.1.a) da LBRL e 61.3 da Lei 5/97, de 22/07, da Administración local de Galicia, pola presente RESOLVO*

*Primeiro.- Cesar ao concelleiro D. Pauliño del Río Iglesias como 2º Tenente de alcalde*



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

*Segundo.- Notificar o presente Decreto ao concelleiro expresado no punto primeiro da mesma para o seu coñecemento e efectos. Do presente decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen perxuício da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 do ROF.*

*En Gondomar, a 5 de febreiro de 2016”*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

- **Decreto de Alcaldía de data 05.02.2016 relativo Modificación Decreto delegacións xenéricas de áreas de goberno local e especiais de servizos.**

Pola Presidencia dáse conta do devandito decreto que literalmente di:

*“Visto o Decreto de Alcaldía de data 15.07.2015 onde se efectuaban as delegacións xenéricas de áreas e especiais de servizos.*

*Visto os Decretos de Alcaldía de data 03.09.2015, 11.09.2015, 16.09.2015 e 13.01.2016 que modifican o anterior.*

*Vistos os escritos de renuncia de data 02.02.2016 presentados polos concelleiros Pauliño del Río Iglesias, M<sup>a</sup> Jimena Varela Rodríguez e Josúe Villar Ballesteros.*

*No uso das competencias que me confire o artigo 43 e seguintes do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF) e no exercizo das atribucións recoñecidas polos artigos 21.1.a) da Lei 7/85, de 02 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, tendo en conta que como alcalde me corresponderían as áreas de Coordinación de áreas e comunicación, Participación cidadá e comunicación, Protocolo institucional, Educación e Xuventude, pola presente RESOLVO:*

*Primeiro.- Revocar as seguintes delegacións xenéricas:*

AREA	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
<b>ECONOMÍA E FACENDA E PERSOAL</b>	<i>Pauliño del Río Iglesias</i>
<b>MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE E SANIDADE</b>	<i>María Jimena Varela Rodríguez</i>

*Segundo.- Revocar a seguinte delegación especial dos seguintes servizos:*

SERVIZO	CONCELLEIRO/A RESPONSABLE
<b>FORMACIÓN, EMPREGO E DINAMIZACIÓN ECONÓMICA</b>	<i>Josúe Villar Ballesteros</i>

*Terceiro.- Notificar a presente aos interesados para o seu coñecemento e efectos. Do presente Decreto darase coñecemento ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre e publicarase no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo da súa efectividade ao día seguinte da presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 44 do ROF.*





CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

*Estas revocación surtirán efecto dende o día seguinte á data da presente Resolución, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da provincia.*

*En Gondomar, a 5 de febreiro de 2016”*

**O Pleno da Corporación Municipal queda informado.**

**b. Dar conta das Resolucións de Alcaldía, Tomo XIII 2015.**

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dáse conta das Resolucións adoptadas por esta Alcaldía no ano 2015 dende o:

2421/12 do 1 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 248.

2422/12 do 1 de decembro de 2015, Resolución relativa a Renuncia de Débora González Alborés ao posto de Directora do Conservatorio de Música.

2423/12 do 1 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006868 20.11.15.

2424/12 do 1 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006868 20.11.15.

2425/12 do 1 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 006868 20.11.15.

2426/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 252.

2427/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 253.

2428/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 254.

2429/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 255.

2430/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Solicitud de ampliación de prazo. Exp. 9857.

2431/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 256.

2432/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 257.

2433/12 do 2 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 258.

2434/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de licenza de obra para reforma de vivenda. Exp. 11353.

2435/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 252.

2436/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 253.

2437/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 254.

2438/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 255.

2439/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 259.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1  
36380 Gondomar  
Tfno.: 986 360 125  
Fax: 986 360 875

- 2440/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 260.
- 2441/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 263.
- 2442/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 261.
- 2443/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 262.
- 2444/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Solicitud de prórroga a efectos de presentación da declaración do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- 2445/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para adquisición de alimentos de 1.ª necesidade. Exp. PX n.º 71/2015.
- 2446/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 264.
- 2447/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Ampliación prazo subvencións municipais 2015.
- 2448/12 do 3 de decembro de 2015, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 78/2015 na modalidade de Transferencia de Créditos.
- 2449/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 260.
- 2450/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 262.
- 2451/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 263.
- 2452/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Suspensión das obras "Adecuación da rede de saneamento no concello de Gondomar.- Pozo de bombeo".
- 2453/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 256.
- 2454/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 258.
- 2455/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento de reparo para adjudicación do contrato menor de obra e da dirección do proxecto de pavimentación do vial de Sermán 1, Donas, Concello de Gondomar.
- 2456/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 79/2015 na modalidade de Xeración de Créditos.
- 2457/12 do 4 de decembro de 2015, Resolución relativa a Plan de coordinación de seguridade e saúde da obra "En materia de seguridade e saúde do proxecto relativo á obra ampliación e mellora do cemiterio de San Cibrán, Donas" Exp. 104/12.
- 2458/12 do 7 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 266.
- 2459/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello de Gondomar núm. 30/2015.
- 2460/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 80/2015 na modalidade de Xeración de Créditos.
- 2461/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación de Convenios de Colaboración Subvencións Nominativas Orzamento 2015.
- 2462/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da Conta Xustificativa da Subvención concedida ao abeiro do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos do Concello de Gondomar.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

- 2463/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. ANCERT.
- 2464/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2465/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2466/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2467/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2468/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2469/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2470/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2471/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2472/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2473/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2474/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2475/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2476/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2477/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2478/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2479/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2480/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 265.
- 2481/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Solicitude de ampliación de prazo. Exp. 10077 BIS.
- 2482/12 do 9 de decembro de 2015, Resolución relativa a Nomeamento de secretario accidental.
- 2483/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 81/2015 na modalidade de Transferencia de Créditos.
- 2484/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación do gasto de axuda de emerxencia social para cobertura necesidades básicas: pozo de auga con bomba. Exp. PX n.º 71/2015.
- 2485/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2486/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2487/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.



CONCELLO  
DE  
**GONDOMAR**  
(Pontevedra)

- 2488/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 007659 27.11.15.
- 2489/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 267.
- 2490/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Levantamento do reparo de Intervención da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 268.
- 2491/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 269.
- 2492/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de comunicación previa de obra para substitución de material de cuberta. Exp. 11994.
- 2493/12 do 10 de decembro de 2015, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de autorización para celebración de carrera motocross. Exp. 11996.
